



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA “AULA DE NATUREZA. Punto de atención á infancia” DO CONCELLO DE VALDOVIÑO” MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1.-O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do servizo da Aula da Natureza (Punto de atención infantil), cuxa descrición, características e especificacións se establecen no Prego de prescricións técnicas e regulamento de funcionamento pendente de aprobación definitiva, así como nos epígrafes 1 e 2 do Anexo I (Cadro de características). No caso de contradicción entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2.-Para os efectos do presente prego e do TRLCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no art. 16.1.b do TRLCSP. Neste senso, no epígrafe 1 do cadro de características indícase esta circunstancia.

1.3.- Ao servizo lle corresponde a codificación da Nomenclatura da Clasificación de produtos por actividades (CPA) e no seu caso codificación relativa a nomenclatura vocabulario común de contratos (CPV) que se detalla;

CPA; 88.91.1 (Servizos de cuidado diurno de nenos).
CPV: 85312110-3 (Servicio de cuidado diurno para nenos).

1.4- A xustificación da necesidade de contratar a dita prestación ven amplamente xustificada na memoria técnica e económica elaborada para a aprobación do establecemento do servizo na sesión ordinaria do Pleno de data 18 de novembro de 2016.

A entrada en funcionamento do Punto de Atención Infantil-Aula da natureza, quedará condicionada á entrada en vigor do Regulamento de funcionamento do dito servizo

2. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano corporativo competente para contratar que se determina conforme á lexislación de réxime local e acordos de delegación de competencias é a Xunta de Goberno Local.

3. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN E TIPO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación anual é de 36.725,15 €/ano (téñase en conta que segundo o establecido no artigo 20 apartado un subapartados 8ºa) e 9º, existe exención do IVE), tal e como se indica no epígrafe 3 do Cadro de características do contrato.

Como o contrato ten unha duración inicial de dous anos o seu orzamento base de licitación é de 73.450,30 € (36725,15 x 2 = 73450,3 conforme art. 88 TRLCSP).

As anualidades poden variar segundo a data de adxudicación. Supoñendo o inicio da prestación no mes de abril, e tendo en conta unha duración inicial de 2 anos os importes serán os seguintes;

Anualidade 2017(8 meses de 11);26.709,20 €
Anualidade 2018(11 meses de 11) ; 36.725,15 €
Anualidade 2019 (3 meses de 11); 10.015,95 €

Os importes das anualidades variarán segundo varíe a data da adxudicación.



O valor estimado do contrato, vista a duración inicial e posibilidade de prórrogas, ascende a 146.900,60 € (36.725,15 x 4). Visto o dito importe, non resulta necesario clasificación, nin o contrato está suxeito a regulación armonizada.

Enténdese que os contratistas ao formular as súas propostas económicas, incluíron o importe do Imposto do valor engadido (IVE), sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica (Anexo II).

4. FINANCIACIÓN

Para atender as obrigas derivadas deste contrato existe crédito suficiente para o exercicio 2017 no Orzamento da Corporación con cargo á aplicación orzamentaria indicada no epígrafe 4 do Cadro de características. En referencia ao crédito correspondente a exercicios posteriores, coa adxudicación da contratación efectuarase compromiso de gasto de exercicios futuros polo importe que derive.

5. REVISIÓN DE PREZOS

O prezo do servizo comprendido neste contrato non será obxeto de revisión algunha durante a vixencia deste, de acordo co disposto na lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, aínda que por vitude de disposicións laborais se modifiquen os salarios, cotas da seguridade social ou calquera outra remuneración que se empregue.

O prezo de contratación do servizo comprendido neste contrato non se revisará. Epígrafe 5 do Cadro de características.

6. FORMA E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto e con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación urgente.

7. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

Os interesados poderán consultar os pregos e obter copias deles no lugar que se indica nos epígrafes **8 e 9** do Cadro de características.

8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

8.1.-Poderán concorrer por sí mesmos ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar cumpran as condicións do artigo 54 do TRLCSP, non se atopen comprendidas en prohibicións de contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

8.2.-Unións de empresarios: Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 11 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagamentos de cuantías significativas. Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adxudicatario, deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública dentro do prazo máximo de 10 días que se contarán dende a notificación da adxudicación do contrato. A súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.



9.- ANUNCIO DE LICITACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE.

9.1.-O anuncio de licitación publicarase nos medios indicados no epígrafe 9 do Cadro de características do contrato.

9.2.-Coa finalidade de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da internet no enderezo que se indica no epígrafe 9.1 do Cadro de características do contrato.

10. PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte nesta licitación presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Valdovíño, (Porta do Sol s/n), en horas de 9 a 13, durante o prazo de quince (15) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP ou no perfil do contratante. Estaráse ó indicado nos epígrafes 10 e 11 do Cadro de características.

De conformidade co disposto no artigo 112 do TRLCSP, se o expediente se declarase de tramitación urxente o prazo de presentación de proposicións será de oito días naturais, contados dende o día seguinte a publicación do anuncio no BOP ou no perfil do contratante; no suposto de que non coincida a data de publicación no BOP e no perfil do contratante, contarase a partir do derradeiro anuncio de licitación, segun corresponda. De ser inhábil o último día de presentación de proposicións ampliarase ata o seguinte hábil.

No caso de que as proposicións se envíen por correo o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante telefax, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se fose recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio.

Non obstante, unha vez que transcorran 10 días naturais dende o remate do prazo, non se admitirá ningunha proposta enviada por correo.

Quen estea interesado poderá examinar o prego e documentación complementaria nas oficinas que se sinalen no anuncio de licitación.

A presentación das propostas presume a aceptación incondicional do empresario da totalidade do contido do presente prego, sen ningunha salvidade.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fíxese individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

11) PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN

Os licitadores presentarán **tres** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos que se relacionan de seguido:

11.1.-Sobre A: Subtitulado "Documentación".

Conterá a seguinte documentación:

No presente contrato non será necesaria a aportación inicial da documentación establecida neste apartado, substituíndose por unha declaración responsable do licitador indicando



que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, conforme ao anexo V do presente prego. (Artigo 44.dous da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización). O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

No anverso do sobre figurará a mención: "Documentación para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de "AULA DE NATUREZA. (PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO" presentada por(nome ou denominación social, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e fax e número de inscrición nos Rexistros de Contratistas da Deputación Provincial ou Comunidade Autónoma de Galicia se procede).

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica empresarial.

A-1) Empresario/a individual: fotocopia compulsada do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución o modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial. -Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias. A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados sinatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega). A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.-Os empresarios extranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o enderezo da empresa.

2.-Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación cos empresas de Estados sinatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas extranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometimento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois. As empresas extranxeiras deberán presentar unha declaración de sometimento á xurisdicción dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional extranxeiro que puidera corresponder ó licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).



B) Empresas extranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

De acordo co art. 55.2 do TRLCSP non se esixe .

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

D) Bastanteo de poderes: Os poderes a que se refire o apartado C) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades: Declaración responsable de que a empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigos 60 e 146 do TRLCSP, axustada ó seguinte modelo:

Don/Dona co DNI e enderezo en provincia de rúa, núm. en nome propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas nos artigos 60 e 146 do TRLCSP. Así mesmo declara que se encontra ó día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Lugar, data e sinatura do propoñente)

F) Acreditación da clasificación:

Para contratar coa administración a execución dun contrato de prestación de servizos non é esixible a clasificación. (artigo 65.1.b) do TRLCSP); epigrafe **13 do** Cadro de características do contrato.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea deben acreditar diante do órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indica no apartado G).

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Os licitadores clasificados no Grupo U (Servizos xerais) , Subgrupo 5 (Guarderías infantís) , Categoría do contrato A ou superior, estarán exentos de xustificar a súa solvencia económica e financeira e a solvencia técnica, posto que coa citada clasificación enténdese xa acreditada a súa solvencia , que se indica no parágrafo seguinte.

Os licitadores que non dispoñan de clasificación deberán acreditar a solvencia económica e financeira polo medio a que se refire o art. 75 do TRLCSP seguinte;

- Volumen anual de negocios en servizos do ámbito de atención á infancia referido ao maior dos tres últimos exercicios concluídos igual ou superior a 36.725,15 €. Para a acreditación da solvencia poderá acreditarse mediante;
 - Contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil
 - No suposto de empresarios non inscritos no rexistro mercantil , libros de inventarios de contas anuais legalizados polo rexistro mercantil
 - Modelo 390 (declaración resumen anual IVA).

Tamén poderá acreditarse a solvencia económica mediante xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais previo ao inicio da licitación de ata 300.000



euros de cobertura.

A solvencia técnica, atendendo ao art. 78 do TRLCSP, mediante unha das dúas opcións seguintes:

1º.- Acreditación das titulacións académicas e profesionais do persoal responsable da execución do contrato.

a) Como persoal de atención directa aos nenos e nenas (que tamén pode efectuar as funcións de dirección do centro e dirección da empresa) :

1 Licenciado/da en pedagogía ou psicopedagogía; mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente; ou técnico superior en educación infantil ou equivalente.

b) Como persoal de apoio:

1 auxiliar con curso de coidado de nenos/as de 3 meses a 3 anos. Ademais das titulacións anteriores, poderá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: técnica/o superior en animación sociocultural, diplomado/a en puericultura recoñecido pola consellería de sanidade ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

O persoal encargado de dar as comidas, deberá acreditar coñecementos básicos en manipulación de alimentos.

Todo o persoal de atención directa deberá acreditar, así mesmo, coñecementos básicos en primeiros auxilios.

A acreditación da solvencia técnica efectuarase mediante a presentación dos currículos do persoal referido, copias compulsadas do DNI ou documento de identificación que corresponda , e copias compulsadas das titulacións esixidas , acreditación da alta na seguridade social mediante certificado de vida laboral de empresa, ou compromiso de contratación da dita persoa coa aceptación do terceiro/a contratar de ser adxudicatario do contrato.

Ou 2º.- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no sector da atención á infancia nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da persoa empresaria; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Esíxese acreditar a experiencia de servizos no sector por un ano de duración total como mínimo, non tendo que ser continuada pero sen solaparse no tempo, presentando tamén como mínimo un ou máis certificado que acredite dito tempo. A cantidade dos servizos ofertados durante ese tempo debe ser igual ou superior a 5.000 €.

H) Unións temporais de empresas:Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituirse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, deconformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas:No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo,nos termos a que se refire o artigo 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.



J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación da Coruña:

Os licitadores indicarán no anverso do sobre A) o número de rexistro oficial correspondente, acompañando a certificación onde se recollan os extremos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa finalidade de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos datos. Tamén poderá a Mesa admitir os datos obtidos por este Concello, por medios telemáticos, a través dos accesos autorizados, do rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Excma. Deputación da Coruña e da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que o licitador este incluído no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, no rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no rexistro de Licitadores da Deputación Provincial de A Coruña como contratista de servizos non será necesario aportar a documentación prevista nas letras a) b) c) d) e g). En tal caso acompañarán a dito certificado de inscrición ou Documento de Clasificación Empresarial unha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflexadas no mesmo non teñen experimentado variación. (art. 146.3 TRLCSP).

K) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social e co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia en procedimentos de contratación.

Axustarase ó seguinte modelo: Don/Dona co enderezo provincia de rúa núm. según DNI núm. en nome propio ou da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato autoriza á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ó día nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter personal, Lei del Impuesto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do impuesto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno. (Lugar, data e sinatura do propoñente)

L) Xustificación, se é o caso, de que a empresa conta na súa cadro de persoal cun número de persoas traballadoras con discapacidade non inferior ao 2%.

M) Índice de documentos que integran o sobre. Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numéricamente.

11.2. Sobre B: Subtitulado "Referencias técnicas dos criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes"

No anverso do sobre figurará a mención: "Referencias técnicas dos criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de "AULA DE NATUREZA. (PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO" presentada por..... (indicar nome ou denominación social, enderezo e teléfono)".

Neste sobre incluírase a documentación relativa a aqueles criterios de valoración cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor que impida a súa valoración mediante cifras ou porcentaxes e que se detallan no **Anexo III: criterios de valoración ou adxudicación non avaliábles de forma automática.**



11.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliábles mediante cifras ou porcentaxes"

No anverso do sobre figurará a mención: "Oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de "AULA DE NATUREZA. (PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO" presentada por..... (nome ou denominación social, enderezo, teléfono, enderezo electrónico e fax)".

Neste sobre incluírase a documentación relativa a aqueles criterios de valoración cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, e que se detallan no **Anexo IV: criterios de adxudicación de aplicación automática**.

A proposición económica formularase consonte ó modelo que figura como **Anexo II** deste prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar dende a apertura das proposicións.

12. GARANTÍA PROVISIONAL

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

13. DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS

13.1.-Poderán presentar documentos orixinais ou copias sempre que teñan carácter de auténticas, conforme a lexislación vixente.

Non obstante, admitiranse dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, ou polo xefe do Rexistro deste Concello e na que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

13.2.-A documentación presentada polos licitadores que non resultaren adxudicatarios, a excepción da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres meses contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación ós licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre a mesma.

14. IDIOMA

Todos os documentos que presenten os licitadores en idiomas distintos ó castelán ou galego deberán ir acompañados da correspondente tradución a calquera destes idiomas.

De non facelo consideraranse documentos non emendables e non poderán ser obxecto de valoración.

15. MESA DE CONTRATACIÓN

A composición da mesa será adaptada ao establecido no artigo 21.6 do RD 817/2009, a súa composición será publicada no perfil do contratante cunha antelación mínima, conforme se determina no artigo 146.1 do TRLCSP e 29 do RD 817/2009.

16. EXAME DAS PROPOSICIÓNS.

A Mesa de Contratación procederá á apertura dos sobres A) "documentación" dos licitadores.

Polo que respecta á calificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ó disposto



no art. 160 do TRLCSP, artigos 21, 22 e 25 a 30 do RD 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, e os artigos correspondentes do RGLCAP. O prazo máximo para apertura de proposicións será dun mes dende o fin do prazo de presentación de presentación de ofertas, e no suposto de tramitación urgente, medio mes.

Unha vez calificada a documentación administrativa presentada, e emendada no seu caso, procederase, en acto público, á apertura dos sobres B) “referencias técnicas dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes” e á remisión da dita documentación a informe técnico que o emitirán respecto dos factores de adxudicación cuxa ponderación dependan dun xuízo de valor. O acto público celebrarase no lugar, data e hora que se sinalen no **taboleiro de anuncios do concello e no Perfil do contratante**.

O presidente manifestará neste acto o resultado da calificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidarase ós licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola Mesa ás aclaracións ou contestacións pertinentes, pero sin que en este momento poida aquela facerse cargo dos documentos que non foran entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou subsanación de defectos ou omisións.

Unha vez rematada esta fase, a Mesa de Contratación procederá, así mesmo, en acto público á apertura do sobre C) “oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes” dos licitadores. Celebrarase no lugar, data e hora sinalados no **taboleiro de anuncio do concello e no Perfil do contratante**.

A Mesa de contratación, elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e valoración ao órgano de contratación.

17. REXEITAMENTO DE PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no art. 84 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RD 1098/2001), dos estudos e das análises das ofertas, a Mesa poderá acordar o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre cando as mesmas e a documentación técnica e/ou económica que conteñan variasen as previsións dos pregos.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencias aos criterios de adxudicación que figura no Prego.

18.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS

18.1.- Cando o órgano de contratación presuma fundamentalmente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustificuen ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire a presente cláusula. A xustificación realizada polo licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

18.2.- Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas de precio do contrato que se atopen nos seguintes supostos establecidos no artigo

- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria si é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%



- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria si é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de Ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. Non obstante, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% da mesma. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% da mesma, calcularase unha nova media só se é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adjudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais, lámparas, etc. a pé de obra.

2º.- Volume de servizos de similar natureza xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adjudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores con discapacidade de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª del TRLCSP.

19. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración para adxudicación do procedemento aberto son os que se indican nos Anexos III e IV.

20. CRITERIOS DE DESEMPATE

De conformidade coa Disposición adicional 4ª do TRLCSP, nos suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten, terá preferencia na adxudicación:

1.- Aquelas empresas que acrediten ter relación laboral con persoas con discapacidade nun porcentaxe superior ó 2%.

2.- As que teñan unha mellor valoración no factor prezo.

De persistir o empate resolverase por sorteo.

21.-RENUNCIA

A presentación da oferta vincula ó contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo faculta á Administración á incautación da garantía sen prexuízo da esixencia de indemnizacións polos danos e perdas causados e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

No suposto de desestamento ou renuncia da Administración, esta indemnizará aos licitadores na cantidade de 60 €.

22.-ADXUDICACIÓN.



22.1. Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que tivese presentado a oferta máis ventaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles (5 días no procedemento tramitado por urxencia) , a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente:

a) Declaración responsable de que a empresa interesada non se atopa incurso en ninguna das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigos 60 e 146 do TRLCSP.

b) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de xeito directo a acreditación delo.

c) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

d) Presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos aos que se refire o sobre A.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia do non pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de terse recibido na entidade o primeiro requirimento de pagamento. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fose rexeitado pola Administración.

e) Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios personais e materiais que se tivese comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato.

22.2 De non cumprírense adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na quedaran clasificadas as ofertas.

Todo elo sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.d y 61.2.e del TRLCSP

23.3 O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

24.4 A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

A adxudicación deberá producirse no prazo máximo dou meses dende a apertura de proposicións, e no prazo máximo dun mes de ser tramitación urxente.

23. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1 e 156 del TR.LCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se tivese interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adjudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido a notificación para a formalización.



b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquél en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinala a Administración, ou dos 8 días hábiles seguintes de ser a tramitación urxente.

Cando por causas imputables ao adjudicatario non se tivese formalizado o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso tivese esixido.

Se a causa da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle pudiese ocasionar.

24. GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

A persoa/ entidade adxudicataria verase obrigado a aboar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación, e no seu caso de adxudicación do contrato, nos Diarios Oficiais e medios de comunicación que se detallan no epígrafe 14 do Cadro de características. Así mesmo, deberá aboar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

25. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración do contrato será de dous anos, prorrogables anualmente ata un máximo de dúas prórrogas. Segundo o disposto no artigo 303 do TRLCSP, por mutuo acordo das partes e antes da súa finalización, poderase prorrogar o contrato, unha vez ponderadas tódalas circunstancias que concorran no caso. Cada prórroga, que terá vixencia anual, farase de maneira expresa previa proposta do Concelleiro/a da área de servizos, informe de Intervención, existencia de crédito adecuado e suficiente e aprobación mediante Resolución da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.

O prazo fixado comenza a contar dende o día seguinte á data da ACTA DE INICIO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO. Epígrafe 15 do Cadro de características.

A persoa/ entidade contratista está obrigada a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución. A mora do adxudicatario non requirirá a previa intimación pola Administración (art. 212 do TRLCSP).

26. DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA

Se non resultaren responsabilidades que tivesen que exercitarse sobre a garantía e transcorrido o prazo da mesma –tres meses-, no seu caso, dictarase acordo de devolución da garantía ou de cancelación do aval (art. 307.3 do TRLCSP).

27.-CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL

O adxudicatario está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, Prevención de Riscos Laborais e Hixiene no Traballo, así como calquera de carácter xeral, sen que se derive responsabilidade ningunha para o Concello de Valdoviño.

No ámbito laboral, o contratista se obriga a celebrar co persoal ó seu cargo, para os efectos de realización do obxecto do contrato, o contrato de traballo que determine a normativa aplicable, e cumprirá con todo o disposto para tal efecto polas disposicións legais vixentes en materia laboral en todos os seus aspectos, incluídos os de Previsión e Seguridade Social, sen que en ningún momento se cree vínculo laboral ningún con esta Administración.

Respecto ao cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, debe terse en conta que conforme sinala o art. 5. do Real Decreto Lei 5/2011 na redacción dada pola Lei 13/2012 o concello deberá comprobar con carácter previo ao inicio da prestación a afiliación e alta na seguridade social de cada unha das persoas traballadoras que estes ocupen durante o período de execución do contrato. A estes efectos a empresa facilitará información da vida laboral de empresa con periodicidade mensual.



28.- REGRAS ESPECIAIS RESPECTO DO PERSOAL LABORAL DA EMPRESA CONTRATISTA.

1. Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nos pregos (nos casos en que se establezan requisitos específicos de titulación e experiencia), formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte do Concello do cumprimento daqueles requisitos.

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan as mínimas posibles e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo [cando existan razóns que xustifiquen esta esixencia], informando en todo momento ao Concello.

2. A empresa contratista asume a obrigaón de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo actividade empresarial. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigaóns legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigaóns legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cuantos dereitos e obrigaóns deriven da relación contractual entre empregado/a e empregador/a.

3. A empresa contratista velará especialmente por que as persoas traballadoras adscritas á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

4. A empresa contratista estará obrigada a executar o contrato nas dependencias ou instalacións e nos lugares que o prego determine. O persoal da empresa contratista ocupará espazos de traballo diferenciados do que ocupen os empregados públicos municipais. Corresponde tamén á empresa contratista velar polo cumprimento desta obrigaón.

5. A empresa contratista deberá designar polo menos un/unha coordinador/a técnico/a ou responsable, integrado/a no seu propio persoal, que terá entre as súas obrigaóns as seguintes:

- a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ao concello, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dun lado, e a "entidade contratante", doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.
- b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir a ditos traballadores/as as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c) Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo.
- d) Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente a empresa contratista co Concello, a efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.
- e) Informar ao Concello verbo das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

29.OBRIGAS XERAIS DO CONTRATISTA

a) Cumprir todas aquelas obrigas recollidas no Prego de condicións técnicas.

b) Aboar os gastos que dimanen do procedemento, constitución e extinción do depósito definitivo e, en xeral, calquera obriga de tipo tributario.

c) Indemnizar polos danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando ditos danos e perdas fosen ocasionados como



consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será ésta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis.

d) Someterse ás instrucións da persoa a quen o órgano de contratación encomende a supervisión dos traballos.

e) Someterse para canto se relacione cos seus dereitos e obrigas á Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con renuncia expresa a todo foro ou privilexio.

30. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

-Dereito ao aboamento do servizo que realice con arranxo ás cláusulas do presente prego. Dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo establecido no artigo 216 do TRLCSP.

-Se a Administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento de dito prazo, a cobrar xuros de demora e a indemnización polos custos de pagamento nos termos previstos no art. 216.4 do TRLCSP. Se a factura electrónica tivese erro ou omisión ou non fose presentada adecuadamente a través do Punto Xeral de Facturas Electrónicas (FACE) , non comenzarán a correr os prazos.

-Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración con un mes de antelación tal circunstancia, aos efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse de dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.

-Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que do contrato se deriven, se a demora da Administración fose superior a seis meses.

-Dereito a transmitir os dereitos de pagamento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP, tendo en conta os requisitos que se establecen nas bases de execución do orzamento do Concello de Valdoviño.

31. ABOAMENTOS

O pago do prezo do contrato farase por mensualidades vencidas, en onceavas partes do importe anual do prezo de adjudicación, previa presentación da correspondente factura polo contratista, que será conformada polos servizos correspondentes. Xunto coa factura correspondente xuntarase relación detallada do material aportado pola empresa dentro das condicións establecidas na contratación, en impreso normalizado previamente aprobado. Epígrafe 16 do Cadro de características.

As facturas poderán ser expedidas a mes vencido, non correspondendo a emisión de factura no mes de agosto, toda vez o punto de atención infantil-aula da natureza permanecerá pechado. Para a súa tramitación polo Concello de Valdoviño deberán conter os datos ou requisitos contidos nas normas de xeral aplicación e ademais, deberán expresar a seguinte información:

Destinatario: AYUNTAMIENTO DE VALDOVIÑO
NIF P1508800H
Código: L01150872
Órgano xestor: ALCALDÍA
Código: L01150872
Unidade contable: OFICINA CONTABLE
Código: L01150872
Unidade tramitadora: INTERVENCIÓN-TESORERÍA



Código: L01150872

Os contratistas que, conforme ao artigo anterior, teñan dereito de cobro fronte á Administración, poderán ceder o mesmo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fehaciente á mesma do acordo de cesión e cumprindo os requisitos documentais que se especifican nas bases de execución do orzamento.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista surtirán efectos liberatorios. Como se indica no

32. CONTROL E INSPECCIÓN DO SERVIZO

O Concello poderá designar un técnico/a, que baixo as ordes da Alcaldía-Presidencia e/ou Concellería Delegada, asumirá a Dirección do Servizo, sendo da súa competencia esixir o cumprimento estrito do contrato, para o cal poderá, en calquera momento, propoñer os métodos e medios necesarios para a súa consecución se os establecidos non ofrecen resultados óptimos. O Concello exercerá a supervisión e coordinación co adxudicatario a través da Alcaldía-Presidencia e/ou Concellería Delegada, a fin de asegurarse que o servizo estase a prestar de conformidade coas esixencias do Prego e compromisos contractuais establecidos.

33. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

En caso de que o contratista incorrese en demora no cumprimento do prazo total ou parcial de contrato por causas imputábeis ao mesmo, o órgano de contratación, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración, no que exceda do importe da garantía incautada ou pola imposición de penalidades diarias na proporción do 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.(artigo 212 TRLCSP).

34. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

No suposto de modificación do contrato estarase ó disposto no art. 306 do TRLCSP.As ditas modificacións deberán formalizarse en documento administrativo de acordo co establecido no art. 156 do TRLCSP.

35. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as previstas nos artigos 223, 224, 308 (servizos) do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 309 (servizos).

36. CONDICIÓNES ESPECIFICAS

1º) A execución do contrato realizarase por conta e risco do contratista.

2º) Confidencialidade e segredo profesional:

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

3º) Protección de datos:

O adxudicatario está obrigado a cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, no seu remate e con posterioridade ó mesmo, a normativa sobre protección de datos de carácter persoal, sendo responsable de calquera infracción da mesma.



Os datos que se manexarán, referentes ás familias usuarias, serán os relativos aos datos persoais e de contacto. Ademais, contarán de ser o caso con informes sanitarios sobre medicación ou situacións de saúde das nenas e nenos participantes.

Non accederán a datos bancarios nin socioeconómicos das familias participantes.

37. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Compete ó órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convido, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, no seu caso, os posibles danos e perdas ocasionados nos termos establecidos no TRLCSP.

38. LINGUA VEHICULAR

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello de Valdoviño e o adxudicatario redactaránse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes realicen referentes ó asunto desta contratación.

39. RÉXIME XURÍDICO

-O presente contrato ten carácter administrativo, e ambas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

-As cuestións litixiosas que xurdan sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo, conforme ó disposto pola Lei reguladora de dita xurisdicción, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 do TRLCSP os interesados deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

Valdoviño, 10 de marzo de 2017.

O Alcalde.

Asdo.- Alberto González Fernández



ANEXO 1: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. OBXECTO	SERVIZO DE “AULA DE NATUREZA. (PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO”	
	a) contrato suxeito a regulación harmonizada: X b) contrato non suxeito a regulación harmonizada:	
2. NUMERO DE CODIFICACIÓN	CPA; 88.91.1 (Servizos de cuidado diurno de nenos). CPV: 85312110-3 (Servicio de cuidado diurno para nenos).	
3. ORZAMENTO MÁXIMO DE EXECUCIÓN E TIPO DE LICITACIÓN – VALOR ESTIMADO	Orzamento base de licitación:	Contrato de duración inicial 2años; 73.450,30 € (36.725,15 €/ano). Anualidades prevendo o inicio da prestación en abril
		Anualidade 2017 (8 meses de 11);26.709,20 € Anualidade 2018(11 meses de 11) ; 36.725,15 € Anualidade 20189(3 meses de 11); 10.015,95 € Valor estimado do contrato ; 146.900,60 € (2 anos de duración inicial , máis dous anos de posible prórroga).
		Os licitadores especificarán nas súas ofertas o prezo do servizo anual.
4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	231 227 99	
5. REVISIÓN DE PREZOS	NON: cláusula 5 do Prego de condicións.	
6.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN	Aberto, con multiplicidade de criterios	
7. TRAMITACIÓN	a) Ordinaria b) Urxente: X	
8. CONSULTA DE PREGOS O OBTENCIÓN DE COPIAS	Oficina de secretaría/contratación. 1º andar da Casa Consistorial	
9. PERFIL DO CONTRATANTE	9.1 Enderezo páxina web: www.concellodevaldoviño.com	
	9.2 Publicación da adxudicación (indicar opción elexida): a) no BOP: b) no perfil de contratante: X	
10. LUGAR DE PRESENTACION DE OFERTAS	No rexistro xeral do Concello de Valdoviño, Porta do Sol s/n, en horas de 9,00 a 13,00 h. Por correo postal urxente ata as 24 horas: anuncio obrigatorio ao órgano de contratación	
11. PRAZO DE	8 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do	



PRESENTACION DE PROPOSICIÓN	anuncio de licitación no B.O.P. ou perfil do contratante.			
12. GARANTIA DEFINITIVA	5% do importe da adxudicación, excluído IVE.			
13. CLASIFICACIÓN	NON SE ESIXE, aínda que a efectos de acreditar a solvencia será admisible certificado de ter a clasificación no Grupo U (Servicios xerais) , Subgrupo 5 (Guarderías infantís) , Categoría do contrato A ou superior			
14. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	A. DIARIOS OFICIAIS	SI	TARIFA URXENTE	
		600 €	BOP - URXENTE	
			DOG	
			BOE	
	B. PRENSA	DIARIO DONDE SE PUBLICA	-	
		Nº. MODULOS	-	
DIA PUBLICACION		-		
15. DURACIÓN DO CONTRATO	Dous anos, prorrogables anualmente por outros dous máis (4) anos máximo incluídas as prórrogas , a contar dende o día seguinte á data de sinatura da acta de inicio da prestación do servizo.			
16. FORMA DE ABOAMENTO	A) Parciais: MENSUAL (non facturación no mes de agosto por non estar en funcionamento o Punto de Atención Infantil-Aula da natureza). B) Non parciais:-			
17.- OBSERVACIÓNS	Porcentaxe de subcontratación da prestación 0%			

ANEXO II

MODELO DE PROPOSTA ECONÓMICA

D./Dna. _____ con _____ enderezo _____ en _____rua.....número.....teléfono..... con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) número.....actuando en nome propio (ou en representación de....., DNI ou CIF número.....e con enderezo en.....número.....teléfono.....) toma parte no procedemento para a adxudicación da prestación do servizo de **“AULA DE NATUREZA. (PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL) DO CONCELLO DE VALDOVIÑO”** e a estes efectos fai constar:

1º.- Que ofrece o seguinte prezo anual :

A) Prezo anual sen IVE..... euros)*

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) euros

C) Total (A + B)..... euros.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas do presente contrato.

3º.- Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.



4º.- Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

- a) Non concorre con empresas vinculadas.
- b) Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación
CIF

En.....a.....de.....de.....

O licitador (asinado e rubricado)

***Prezo a cobrar por anualidade de prestación do servizo (11 mensualidades de prestación efectiva).**



ANEXO III: CRITERIOS DE VALORACIÓN OU ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

a) Memoria de organización e prestación do servizo na que se expoña unha definición clara e precisa do enfoque e da metodoloxía que se utilizará no desenvolvemento dos traballos, con definición concreta de todos aqueles ós que se compromete a executar o licitador, con indicación dos medios persoais e materiais a adscribir ao servizo, **ata 25 puntos**.

A memoria non poderá superar a extensión máxima de 20 folios -tamaño A-4-, sendo excluída a empresa de non cumprir os ditos requisitos.

Para a valoración desta memoria teranse en conta os seguintes aspectos, debendo seguir este esquema:

1. Proxecto educativo. Total 8 puntos.

1.1. Principios e valores da atención socioeducativa (ata 3 puntos)

- Principios da intervención profesional e do ambiente: ata 1 punto
- Enfoque pedagóxico (prioridades, comprensión das necesidades da infancia): ata 1 punto
- Relación coas crianzas (límites, afecto, resolución de conflitos): ata 1 punto

1.2. Obxectivos, metodoloxía e avaliación (ata 2 puntos)

- Expectativas educativas da intervención e o espazo: ata 0,50 puntos
- Recursos empregados: ata 1 punto
- Seguimento e áreas de avaliación: ata 0,50 puntos

1.3. Contidos e plan de actividades (ata 2 puntos)

- Centros de interese (ata 1 punto)
- Uso do xogo libre (ata 1 punto)

1.4. Plan de atención á diversidade persoal (ata 1 punto)

- Axuste da intervención ás necesidades: ata 1 punto

2. Plan de xestión e organización. Total 9 puntos.

2.1. Organización do centro (ata 2 puntos)

- Organigrama, estrutura e funcionamento: ata 0,50 puntos
- Papel e funcións da dirección: ata 0,40 puntos
- Traballo en equipo da parella educativa (reunións, grupos de referencia): ata 0,50 puntos
- Xestión e concepto da alimentación no recurso: ata 0,30 puntos
- Documentación: ata 0,30 puntos

2.2. Canles de relación co Concello (ata 1 punto)

- Comunicación coa persoa responsable: ata 1 punto

2.4. Relacións coas familias (ata 2 puntos)

- Participación no espazo: ata 1 punto
- Comunicación recurso- familias: ata 1 punto

2.5. Formación continua do persoal (ata 1 punto)

- Formatos e planificación: ata 1 punto

2.6 Titulacións oficiais a maiores da mínima esixida (ata 1 punto)

2.7 Aumento do persoal establecido como mínimo (ata 2 puntos)

- Cada persoa a maiores que participe no proxecto educativo: ata 1 punto

3. Servizos complementarios e mellora do equipamento. Total 6 puntos.

3.1. Proxecto de reforzo do idioma galego e iniciación a outros idiomas (ata 1 punto)

- Espazo: ata 0,50 puntos
- Intervención transversal: ata 0,50 puntos

3.2. Proxecto de transmisión de valores ambientais e integración no medio rural (ata 2 puntos)

- Espazo: ata 1 punto
- Intervención transversal: ata 1 punto



- 3.3. Proxecto de igualdade e atención coeducativa (ata 2 puntos)
- Espazo: ata 1 punto
 - Intervención transversal: ata 1 punto
- 3.4. Melloras dos medios materiais e didácticos (ata 1 punto)

Actividades ou aspectos a maiores dos contemplados e que poidan ser consideradas como aportación extraordinaria: **ata un máximo de 2 puntos.**

ANEXO IV: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA.

a) Oferta económica: 30 puntos.

De acordo coa fórmula conveniada entre a Deputación da Coruña e o Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e publicada no BOP nº 3 dp 7 de xaneiro de 2016 na páxina 46 e seguintes, respecto ao *Programa de valoración de ofertas económicas nos procedementos abertos con multiplicidade de criterios.*



ANEXO V.

Modelo declaración responsable de cumprimento das condicións esixidas para contratar co Concello de Valdoviño

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con enderezo a efectos de notificacións en _____,
r/ _____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade
_____, con CIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación
_____, ante _____

DECLARA BAXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación do servizo de xestión da Aula da Natureza (Punto de atención infantil) do Concello de Valdoviño.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos exigidos polo apartado primeiro do artigo 146 del Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente no servizo de xestión da Aula da Natureza (Punto de atención infantil) do Concello de Valdoviño, en concreto:

— Que posee personalidade xurídica e, no seu caso, representación.

— Que está debidamente clasificada a empresa ou, no seu caso, que conta cos requirimentos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

— Que non está incurso en una prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

— Que se somete á Xurisdicción dos Juzgados e Tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo o indirecto poideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional extranxeiro que puidera corresponder ao licitador.

— Que a dirección de correo enderezo no que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, en caso de que sexa proposta como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirida para elo.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ____ de _____ de 2017.

Sinatura do/da declarante,